

**NÚMERO 12/18**

**ACTA DA SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA POLO CONCELLO PLENO O DÍA 25 DE OUTUBRO DE 2018.**

Na Casa do Concello de Sada, ás vinte horas do día vinte e cinco de outubro de dous mil dezaoto, reúnese o Pleno do Concello en sesión ordinaria que se celebra en primeira convocatoria, baixo a presidencia do Alcalde D. Óscar Benito Portela Fernández, estando presentes os concelleiros D. Ernesto Anido Varela, D<sup>a</sup>. Zeltia Natividade García Ben, D. Alberto Manuel García Cotelo (incorpórase ás 20:01 horas), D<sup>a</sup>. María José García Freire, D. José Emilio Gómez López, D. Marcos López Mallo (incorpórase ás 20:06 horas), D. Francisco José Montouto Pérez, D<sup>a</sup>. María Pardo Fafián, D<sup>a</sup>. María del Carmen Pose Varela, D<sup>a</sup>. Isabel Reimúndez Suárez, D. Ramón Rodríguez Ares, D<sup>a</sup>. María Soraya Salorio Porral, D. Xosé Lois Suárez Becerra, D. José Luís Tellado Villares e D. Miguel Tenreiro Bouza, asistidos polo Secretario Accidental da Corporación, D. Juan Esteban Méndez Leiva. Está presente o Interventor, D. Jaime Presas Beneyto. Escusou a súa ausencia a concelleira D<sup>a</sup>. Raquel Bolaño Fariñas.-

Aberta a sesión pola Presidencia, procédese ao exame dos asuntos da Orde do Día, adoptándose os seguintes acordos:

**1º.- Festas locais para o calendario laboral do 2019.-**

O sr. Alcalde comeza sinalando que a proposta de calendario laboral para o ano 2019 inclúe o Martes de Entroido e a Festividade de San Roque.-

A sra. Reimúndez Suárez anuncia o voto favorable do seu grupo.-

O sr. Gómez López anuncia igualmente o voto favorable do seu grupo.-

(Sendo as 20:01 horas incorpórase o sr. García Cotelo).-

A sra. Pardo Fafián anuncia igualmente o voto favorable do seu grupo.-

O sr. Montouto Pérez anuncia igualmente o voto favorable do seu grupo.-

O sr. Anido Varela considera que o Martes de Entroido podería ser substituído polo 24 de xuño, Festividade de San Xoán, pero aínda así anuncia que o voto do seu grupo tamén será favorable á proposta.-

O sr. Alcalde respóndelle que no ano 2020 se poderá cambiar o San Roque, que é sábado, polo San Xoán.-

Debatido o asunto, apróbase por unanimidade dos presentes (6 PP, 4 SM, 2 BNG, 2 PDSP e 1 PSOE) o seguinte acordo:

Único.- Propoñer que se inclúan no Calendario Provincial de Festas Laborais para o ano 2019 as datas seguintes:

- día 5 de marzo (martes de Entroido).-
- día 16 de agosto (festividade de San Roque).-

**2º.- Modificación de crédito 32/2018. Crédito extraordinario 04/2018: Achega municipal proxectos subvencionados polo IDAE 2018.-**

O sr. Alcalde inicia este punto indicando que se trata de tres proxectos que se trouxeron a Pleno no mes de xullo do ano pasado, para solicitar unha subvención para economía baixa en carbono, que foron convocadas en concorrencia competitiva polo IDAE, dependente do actual Ministerio de Enerxía e Transición Ecolóxica. Recorda que o luns comunicaron a resolución da piscina, e o martes a do CEIP de Mondego e da Casa da Cultura, e que se trata de tres obras moi demandadas para mellorar a eficiencia e aforro enerxético das instalacións e a confortabilidade ambiental para facelas espazos máis sostibles. Na Casa da Cultura o investimento é de 61.000.- euros e a achega municipal de 12.000.- euros. Na piscina, dun custe total de 76.000.- euros de investimento, a achega municipal ascende a 15.000.- euros. No CEIP de Mondego, de 160.000.- euros, a achega municipal é de 32.000.- euros.-

A sra. Reimúndez Suárez anuncia o voto favorable do seu grupo.-

O sr. Gómez López anuncia igualmente o voto favorable do seu grupo.-

A sra. Pardo Fafián anuncia igualmente o voto favorable do seu grupo.-

O sr. Anido Varela sulña que a participación deste Concello en subvencións é importante. Lembra que é a terceira vez que vén a Pleno este asunto, polo que non aproba a súa xestión.-

(Sendo as 20:06 horas incorpórase o sr. López Mallo).-

O sr. Anido Varela continúa dicindo que a primeira vez foi en xullo de 2017, cando dixeron que era un expediente incompleto e plagado de erros, nos que os proxectos foron redactados por unha empresa externa, e sen embargo aparecía abaixo a sinatura dun técnico municipal. A segunda vez foi en marzo de 2018 para subsanar erros na solicitude de subvención, faltaban informes, e que se debería ter incorporado ao Orzamento o importe das subvencións. Por terceira vez vén a Pleno a modificación

número 32 do Orzamento aprobado fai tres meses. Anuncia que o voto do seu grupo vai a ser a abstención, porque o PP non aproba a súa xestión.-

O sr. Alcalde comenta que os outros dous proxectos por importe de 700.000.- euros están pendentes de subvención. Pregúntalle ao sr. Anido Varela se coñece algún concello galego, ademais da Pobra do Caramiñal, que obtivera esta subvención, e se no seu mandato tiveron unha subvención por importe de 238.000.- euros, obtida en concorrencia competitiva. Anuncia que tamén presentaron solicitude de subvención na liña de Fondos EDUSI para concellos de menos de 20.000.- habitantes.-

O sr. Anido replícalle que se trata de subvencións novas, que cada ano se convocan moitas axudas, e que a todas non se poden concorrer. Lembra que o 90% dos investimentos no concello son a través de subvencións, que son precisos os informes xurídicos, técnicos e urbanísticos.-

Debatido o asunto, apróbase por nove votos a favor (4 SM, 2 BNG, 2 PDSP e 1 PSOE) e sete abstencións (7 PP) o seguinte acordo:

1º.- Aprobar inicialmente o expediente de modificación de créditos 32/2018, de crédito extraordinario financiado con cargo ao remanente de tesourería para gastos xerais, debendo ser incrementados os créditos correspondentes ás aplicacións que se detallan a continuación por un importe global de 59.640,39.- €:

Estado de gastos:

Aplicación.- Denominación.- Importe.-

3230.63200.- Educación. Investimento de reposición en edificios e outras construcións.- 32.127,61.- €.-

333.63200.- Equipamentos culturais. Investimento de reposición en edificios e outras construcións.- 12.251,20.- €.-

342.63200.- Instalacións deportivas. Investimento en reposición de edificios e outras construcións.- 15.261,58.- €.-

Estado de ingresos:

Subconcepto.- Denominación.- Importe.-

87000.- Remanente de tesourería para gastos xerais.- 59.640,39.- €.-

2º.- Dispor, en aplicación dos artigos 177 e 169 do Texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, a exposición ao público durante 15 días hábiles mediante anuncio no Boletín Oficial da Provincia a efectos de que os interesados poidan presentar as reclamacións que estimen pertinentes. Se transcorrido o dito prazo non se formularon reclamacións, o expediente considerárase aprobado definitivamente sen necesidade de adoptar un novo acordo. No caso de que se presentaran reclamacións, o pleno disporá do prazo dun mes para resolvelas.-

3º.- Publicar, en cumprimento do artigo 169.4 do Texto refundido da lei reguladora das facendas locais, o resumo por capítulos do expediente definitivamente aprobado no Boletín Oficial da Provincia como requisito previo para a súa entrada en vigor.-

#### **Control de Órganos de Goberno:**

##### **3º.- Informes e comunicacións.-**

O sr. Alcalde comeza a dar lectura a unha declaración institucional de toda a Corporación ante o peche de Alcoa Inespal.-

A continuación, non se subscita debate ningún, apróbase por unanimidade de toda a Corporación Municipal (7 PP, 4 SM, 2 BNG, 2 PDSP e 1 PSOE) a seguinte declaración institucional de toda a Corporación ante o peche de Alcoa Inespal:

“1.- Amosar o respaldo unánime da Corporación municipal Sada aos traballadores e ás traballadoras de Alcoa e o rexeitamento ao peche da factoría.-

2.- Instar á Xunta de Galicia e ao Goberno do Estado a conformar, xunto cos Concellos da Comarca de A Coruña, unha fronte institucional común en defensa do emprego, do mantemento da actividade industrial en Alcoa e, en consecuencia, da retirada do ERE presentado pola empresa.-

3.- Apoiar as mobilizacións que convoquen os traballadores e as traballadoras da planta.-

4.- Dar traslado deste acordo a todos os grupos con representación no Parlamento de Galicia, no pleno da Deputación provincial da Coruña, así como nas Cortes Xerais do Estado, instándoos a que se pronuncien nos mesmos termos”.-

A continuación, o sr. Alcalde indica que o Concelleiro de Urbanismo e Emprego, sr. Montouto Pérez, vai facer unha secuencia sobre o edificio *El Náutico*.-

O sr. Montouto Pérez lembra que estaba previsto que viñera a Pleno a modificación de crédito para a demolición do edificio *El Náutico*, pero o pasado luns o Alcalde retiraba o punto da Orde do Día da Comisión Informativa Xeral, porque a dirección letrada estaba comprobando notificacións do Tribunal

Superior de Xustiza de Galicia tanto á representación do Concello e da representación ao Concello, como do propio Concello ao Tribunal Superior de Xustiza, en relación a unha dilixencia de arquivo do ano 2010, que non foi formalmente notificada ao Concello, e que nunca foi referenciada nos informes de Secretaría, dado que en xuño de 2010 a sentenza estaba sendo executada, tanto antes, como despois do ano 2010. O Tribunal Superior de Xustiza semella descoñecerla ao non figurar non autos alí obrantes. O 1 de outubro o Alcalde remitiu ao Tribunal Superior de Xustiza o acordo de deixar sobre a Mesa este asunto, e os servizos xurídicos están estudando o asunto para a defensa do interese xeral e da legalidade.-

O sr. Alcalde continúa indicando que a Concelleira de Cultura, sra. Pardo Fafián, vai dar conta da Escola Municipal de Teatro.-

A sra. Pardo Fafián dá conta de que a día de hoxe aínda non puideron comezar as actividades da Escola Municipal de Teatro e da Compañía Municipal de Teatro por mor da nova lei de contratos, que espera que comece en decembro. Igualmente informa de que quiso aprobar un regulamento de utilización de espazos, e que como non se aprobou, actualmente a concesión baséase no sentido común, de acordo a tres criterios, que son os seguintes: que o espazo dispoñible non estea sendo usado ou que o seu uso sexa compatible para a utilización conxunta (por exemplo voda na Capela de San Roque), que os fines se axusten ao seu uso e que se dispoña de persoal municipal para a súa atención. Fai fincapé que recentemente se denegou a unha formación política unha instalación, por non axustarse a eses criterios.-

O sr. Alcalde dá conta ao Pleno das Resolucións ditadas pola Alcaldía-Presidencia no período comprendido entre o 24-09-2018 e o 19-10-2018.-

#### **4º.- Mocións.-**

Ao abeiro do artigo 64 do Regulamento Orgánico, preséntanse as seguintes mocións de urxencia.-

#### **4.1º.- Moción de apoio relativa á inclusión de máis investimentos relativos a Sada nos orzamentos da Xunta de Galicia 2019.-**

O sr. Montouto Pérez xustifica a urxencia da moción.-

Efectuada a votación, resulta estimada a declaración de urxencia da moción por unanimidade dos presentes (7 PP, 4 SM, 2 BNG, 2 PDSP e 1 PSOE) e ningún voto en contra.-

A sra. Pardo Fafián anuncia que quere propoñer unha enmenda.-

O sr. Alcalde indícalle á sra. Pardo Fafián que defenderá a enmenda despois de que interveña o sr. Montouto Pérez para explicar o contido da moción.-

O sr. Montouto Pérez continúa dicindo que o 27 de setembro o sr. Feijóo presentou o proxecto de orzamentos da Xunta de Galicia para o exercicio 2019, nos que Sada queda fóra dos grandes investimentos: 249.000.- euros para o plan director de saneamento e 250.000.- euros para a reordenación do porto, coida que non será para o túnel de Fontán, que xa tivo un informe desfavorable de Patrimonio. Pensa que se esquecen da ampliación do CEIP Sada y sus Contornos, a canalización do río Mayor, e unha maior dotación ao Fondo de Cooperación Local.-

A sra. Pardo Fafián comenta que van enmendar a moción, porque se queda curta, porque non atende ás carencias da comunidade educativa, e o cumprimento das competencias da Xunta de Galicia (Centro de Saúde, estradas autonómicas, canalización do río Mayor, etc.).-

A sra. Reimúndez Suárez anuncia o voto favorable do seu grupo á enmenda, porque todo o que sexan investimentos externos mellor que mellor, porque se trata de competencias impropias que está a asumir o Concello de Sada.-

O sr. Gómez López anuncia igualmente o voto favorable do seu grupo á enmenda.-

A sra. Pardo Fafián anuncia igualmente o voto favorable do seu grupo á enmenda.-

O sr. Montouto Pérez sinala que é importante que se fagan máis propostas ás obras ou aos investimentos no Concello de Sada, para facelos chegar á Xunta de Galicia, porque o último gran investimento da Xunta en Sada foi a ampliación do CEIP Sada y sus Contornos, polo que anuncia que votarán a favor da dita enmenda.-

A sra. Salorio Porral considera que non existe tal urxencia na moción, senón que a urxencia vén motivada porque o orzamento foi presentado o pasado venres, e critica que a moción sexa máis pobre que a propia enmenda. A continuación, enumera unha serie de cifras en relación ao orzamento da Xunta de Galicia, e que o cumprimento das partidas especificamente asignadas a Sada pode ser reclamado polo Alcalde, que está facultado para reclamarlas. Continúa cunha relación de investimentos na comarca da Coruña. Finaliza preguntando se a veciñanza sadense non está afectada pola Vía Ártabra, o CHUAC, a AP-9, etc. Considera que debería haber propostas antes da moción e da enmenda, e anuncia que apoiarán a moción, pero non así a enmenda.-

O sr. Alcalde quere matizar que nos orzamentos de 2019 ten que ir sí ou sí a ampliación do CEIP Sada y sus Contornos. Considera un menosprezo para as entidades locais que o Fondo de Cooperación Local suba só un 2,5% mentres que o orzamento o fai un 3%, cando se pretenden eliminar as subvencións nominativas. Fala de que en Mosteirón hai que distinguir entre mantemento e investimentos; do Centro de Saúde, que só conta cunha ambulancia para dar servizo a máis de 20.000 habitantes; o Plan Director de Saneamento de Sada, que é un problema común en Betanzos o en Bergondo; de Portos de Galicia, máis de dous anos sen luz no L, a estrada do porto é a que máis fochancas ten en Sada.-

A sra. Pardo Fafián recorda que son necesarias todas estas obras, que se poñan a mover esas partidas xenéricas. Comenta que o mantemento dun edificio non inclúe a reparación dun edificio que non foi obxecto de mantemento en dez, quince ou vinte anos.-

O sr. Montouto Pérez salienta que se trata de obras que son precisas, ao igual que as que suliñou a sra. Salorio Porral, dentro desa vocación metropolitana da comarca da Coruña, aínda que non sexa unha prioridade do PP, quen boicotea os investimentos reais para o Concello de Sada.-

A sra. Salorio Porral replica que o CEIP Sada y sus Contornos foi obxecto dunha ampliación, é precisa outra; que o Centro de Saúde está próximo ao ARSI; sobre o Porto, non figura nin na moción, nin na enmenda; sobre o colexio de Mosteirón, non aceptaron a titularidade das obras.-

O sr. Alcalde lembra que algunhas demandas veñen do mandato do sr. Anido Varela e mesmo anteriormente, do sr. López Soto, como a da canalización do río, pero nunca se acadou un compromiso firme. Augas de Galicia leva ingresados máis de 2.000.000 de euros no canon de saneamento dende o 2011, pero non existe investimento ningún en Sada, o que significa un inmovilismo como pode ser o Plan Director de Saneamento.-

A sra. Pardo Fafián engade que se trata de demandas que lles trasladou a comunidade educativa, e de demandas sanitarias.-

O sr. Anido Varela considera que un gran investimento sería a terceira cámara. Plantexa que están de acordo que hai que pedirlle máis á Xunta de Galicia. Tiveron que acudir ao Xulgado porque nin ao Concello de Sada, nin ao Valedor do Pobo lles fixo caso Augas de Galicia. No caso do Plan de Inundacións está facendo unha obra de 600.000.- euros, debería esixírselles o cumprimento do Plan de Execución das Brañas. Considera un atraso para a comunidade educativa a obra da cuberta no CEIP Sada y sus Contornos, e lembra que despois de 15 anos o Goberno do PP desbloqueou o tema. Por certo a expropiación foi anulada polo Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, e non polo anterior Alcalde, como di o Director do CEIP Sada y sus Contornos, nun libro que escribiu con fondos públicos. Di que o que se tiña que ter feito era una Xunta de Portavoces e plasmar 5, 10, 15, 20 ou 25 puntos para reclamarlle á Xunta investimentos en Sada. Conclúe que se trata dunha moción de Sadamaioría, que enmenda a súa compañeira do PSOE.-

O sr. Alcalde quere matizar que o Concello de Sada no tema das inundacións fixo o que lle correspondería a outras administracións, propuxeron unha obra de mellora (actuar na parte final do río). A obra de Cantalarrana non evitará as inundacións nas Brañas, porque é imposible. Resposta que o ARSI non afecta a parcela onde se vai ubicar o Centro de Saúde, vai a 25 metros a ambos lados do río Mayor, como do río Fontoira. Considera que o Centro de Mosteirón estaba totalmente abandonado, poden asumir o mantemento pero non os custes de investimentos.-

O sr. Anido Varela solicita intervir por alusións.-

Debatido o asunto, procédese a votación da enmenda, sendo aprobada por nove votos a favor (4 SM, 2 BNG, 2 PDSP e 1 PSOE) e sete abstencións (7 PP) o seguinte acordo:

1.- Demandar da Xunta de Galicia a inclusión no proxecto de lei de orzamentos 2019 os investimentos relativos á:

1.a) Partida económica específica para a redacción do proxecto de Ampliación do CEIP de “Sada y Sus Contornos”.-

1.b) Partida económica específica para acometer as obras de levantamento e reposición de toda a carpintería interior do CEIP “Sada y Sus Contornos”.-

1.c) Partida económica específica para a reparación e reposición do tellado e lucernario do CEIP Pedro Barrié de la Maza.-

1.d) Partida económica específica para a reparación e reposición do tellado do CEIP O Mosteirón.-

1.e) Partida económica específica para a substitución da caldeira e a fontanería do CEIP O Mosteirón.-

1.f) Partida económica específica para a habilitación dunha aula adecuada para impartir a materia curricular de música no CEIP O Mosteirón.-

1.g) Partida económica específica para a asunción por parte da Consellería correspondente do mantemento do Centro de Saúde de Sada, cumprindo así co acordo da FEGAMP.-

1.h) Dotación de partida económica específica para a implantación dun segundo equipo médico de garda no PAC de Sada.-

1.i) Dotación de partida económica específica para a creación da praza de segundo pediatra a tempo completo no PAC de Sada.-

1.k) Partida económica específica para a redacción do proxecto e posterior execución da obra de reparación, ensanchamento e cumprimento coa normativa de accesibilidade das beirarrúas da AC-163 no tramo Sada-Fontán.-

1.l) Partida económica específica para a redacción do proxecto e posterior execución de Senda peonil, mellora de iluminación e dotación de servizos na AC-163 dende o cruce coa DP-7504 ao seu paso por Carnoedo (Taibó)-Veigue.-

1.m) Partida económica específica para acometer a obra de canalización do Río Maior.-

1.n) Aumento da dotación económica para aumentar a frecuencia dos traballos de limpeza dos cauces dos ríos de Sada.-

2.- Demandar da Xunta de Galicia unha maior dotación de financiamento ao Fondo de Cooperación Local.-

3.- Dar traslado do presente acordo aos Grupos Parlamentarios do Parlamento de Galicia.-

4.- Facultar ao Sr. Alcalde para que realice cantas xestións sexan necesarias para formalizar o presente acordo.-

#### **4.2º.- Moción para a utilización pública e restitución da legalidade do antigo Náutico.-**

O sr. Anido Varela, antes de xustificar a urxencia, por alusións, sinala que é vehemente porque lle doe Sada.-

O sr. Alcalde respóndelle que xustifique a urxencia.-

O sr. Anido Varela xustifica a urxencia da moción, porque fala de nulidade na licenza, que non sentenza de demolición, porque apareceu no expediente unha dilixencia de arquivo, polo que a urxencia é que non se proceda ao derrubo total del edificio *El Náutico*, porque semella que é un gasto innecesario un investimento de 206.000.- euros para o derrubo dese edificio, sendo preciso unha paralización das obras para buscar unha opción alternativa.-

Efectuada a votación, resulta estimada a declaración de urxencia da moción por dez votos a favor (7 PP, 2 BNG e 1 PSOE) e seis votos en contra (4 SM e 2 PDSP).-

O sr. Anido Varela dá as grazas polo apoio recibido e continúa defendendo que se pretende derrubar a parte que sexa ilegalizable, con independencia do uso que se lle dea, porque xa levan gastados 200.000.- euros en carpas para eventos de todo tipo, dado que a sentenza no fala de derrubo, senón de restitución da legalidade urbanística.-

A sra. Reimúndez Suárez anuncia o voto a favor do seu grupo por razóns obvias, tal e como anunciou o Concelleiro de Urbanismo no punto de Informes e Comunicacions, porque pasamos dunha sentenza firme para o derribo a unha dilixencia de arquivo, polo que existe unha situación de incertidume, situando o asunto nun escenario totalmente diferente, polo que é urxente falar do *Náutico*. Considera que este punto debeu ser incluído e tratado neste Pleno, e que o BNG acertou no pasado Pleno, cando solicitou que o asunto quedase sobre a Mesa, dá as grazas polo apoio recibido que logrou que non se gastasen máis de 200.000.- euros para facer desaparecer un edificio que é 100% público, que o PP aporta solucións para o seu uso, pero o cambio pode ser total, co cambio de usos no PXOM, inclusive cun referéndum, como ten dito Sadamaioría, para unha sala de reunións, actividades culturais, deportivas, ou un Museo do Mar, que poderá obter financiamento europea co apoio da Confraría de Pescadores. Anuncia que para o Pleno de novembro presentarán unha moción para cambiar os usos do PXOM e solicita que o PP retire a moción para que se aclare a cuestión xudicial pendente, porque se poderá pasar de falar de destruír a construír.-

O sr. Gómez López anuncia que votarán en contra da moción.-

A sra. Pardo Fafián comenta que o asunto do *Náutico* non pode nin debe ser empregado como unha bandeira por ningunha forza política, senón que deben actuar todos os grupos municipais con sensatez e sentido común, debendo contar con sendos informes do Secretario e do Arquitecto Municipal que foron pedidos o 21 e o 25 de setembro, antes do Pleno anterior, para tomar unha decisión razoada, para poder

contar con todos os datos enriba da mesa. Pide deixar este tema ata ter todos os datos sobre a Mesa. Propón celebrar unha Xunta de Voceiros, para acadar unha situación boa para a veciñanza.-

O sr. Montouto Pérez confirma que o Alcalde retirou da Orde do Día este asunto a raíz da notificación ao Tribunal Superior de Xustiza de Galicia do acordo do Pleno anterior, porque aparece unha Dilixencia de Arquivo, que non foi notificada ao Concello de Sada, pero iso non significa que estea prescrito, houbo actuacións antes do 2009, no 2009 e despois do 2010, tanto no Goberno presidido por Abel López Soto, como por Ernesto Anido; o motivo da retirada do asunto foi para unha mellor seguridade xurídica, para saber por qué non chegou esa Dilixencia, cando se tiñan que notificar todas as resolucións ditadas por un e por outro Alcalde, indagando internamente por qué non se produxo así. Continúa dicindo que nada cambiou do Pleno anterior a este, que están na execución dunha sentenza que anula a licenza sobre un edificio e que a súa anulación conleva a demolición do construído ao seu abeiro, polo que a Asesoría Xurídica do Concello está estudando este expediente, para acatar unha sentenza xudicial, as condicións non cambiaron, porque o PXOM nin legaliza, nin permite a súa existencia, existen os informes xurídico e do Arquitecto, primeiro hai que executar a sentenza e logo virá a participación cidadá. E pregúntase se é necesario que siga ese equipamento ahí, ao borde do litoral, conclúe que é necesario executar a sentenza.-

O sr. Anido Varela comeza sinalando que terá que dar explicacións polo asunto do *Náutico* no xulgado perante o xuíz con motivo da denuncia sexaxésimoterceira, e que ocorrencia é o de traer a Pleno un expediente o mes pasado, para derribo e posterior consulta pública, tres anos despois de entrar no Goberno, cando o Goberno anterior, presidido polo sr. Anido, conseguiu recuperar para os sadenses ese edificio, que é 100% público, ou que outra ocorrencia foi aprobar parcialmente o PXOM, que todos os grupos do Goberno actual aprobaron parcialmente na súa totalidade. Agradece o apoio do BNG á urxencia, e está de acordo con paralizar o derribo para unha maior seguridade xurídica. Engade que non pode retirar a moción, aínda que o BNG pretende modificar o PXOM, para aprobar ese uso e aproveitar esa construción para salvar os intereses de todos os sadenses, fala dunha brecha no Goberno Local por non escoitar aos socios do BNG e do PSOE, debendo convocarse unha Xunta de Voceiros, para saber qué se pode facer, ou qué se pode aproveitar ou qué derrubos son necesarios a día de hoxe para cumprir a sentenza, e pregúntalle ao sr. Montouto cantos edificios hai en Sada con licenza anulada.-

O sr. Alcalde contesta que todos os Gobernos que pasaron dende o ano 2010 actuaron sempre en execución de sentenza, incluído o sr. Anido Varela que iniciou un expediente de recuperación do dereito de superficie en execución de sentenza. Engade que este Goberno se enterou de que faltaba un documento, namentres que durante estes 8 anos os anteriores gobernos non se enteraron, un documento que pode variar a proposta de acordo, e sorpréndelle o cambio actitude dos diferentes grupos municipais. Lembra que fai un ano o sr. Anido Varela fixo un vídeo reclamándolle que executara a sentenza, e que no ano 2012 había 2.085.000.- euros para execucións subsidiarias: 90.000.- euros para o edificio da Avenida da Mariña, 48, e 199.500.-euros para a demolición total do Náutico. Iso xa foi aprobado en Pleno, pero daquela viñera como execución subsidiaria, e dille ao sr. Anido Varela que el traballou polo interese xeral duns poucos, co rescate do dereito de superficie, coa condonación de 192.000.- euros, 37.000.- euros que lle deu a concesionaria e que evitou que asumiran os custes da sentenza.-

A sra. Reimúndez Suárez comenta que non están de acordo co dito polo Concelleiro de Urbanismo porque a situación non é a mesma, por iso non volveu o asunto ao Pleno, e se hai un arquivo o BNG traballará porque non se active, defendendo o interese público, e anuncia que haberá que comprobar se estamos ante unha sentenza arquivada e ante un edificio fóra de ordenación. Comenta que no ano 2010 o Alcalde era Abel López Soto, ano en que se declarou a caducidade da licenza, actuando en todo momento como lle indicou o Secretario do Concello, quen ten a competencia de velar pola legalidade dos actos, acordos e decisións municipais, e informoulle por escrito, ao igual que outro informe do Técnico de Administración Xeral que actualmente se atopa no Concello da Coruña, no que se indica que se deberá conceder permiso para derrubar o exceso do construído, non de todo o edificio. Sinala que naquela época non se tivo recibido ningunha notificación, porque o sr. López Soto non era partidario do derrubo total, e ademais quen abría a correspondencia era o secretario particular, precisamente o actual Alcalde, o sr. Portela Fernández, non existindo constancia tampouco de que tivera chegado no Rexistro Xeral do Concello de Sada. Anuncia que no vindeiro Pleno presentará unha moción sobre a modificación dos usos no Plan Xeral, relativa a 300.000 metros cadrados en Sada que quedan restrinxidos a usos sociais, culturais e deportivos, nos que só se pode facer un báter, unha cafetería e un bar, polo que, por exemplo dentro de dez anos se se quere facer un centro de interpretación das Brañas, non se vai poder facer.-

O sr. Gómez López sinala que hai unha malversación de 400.000.- euros, da que alguén terá que responder, e que é lesivo ás arcas municipais, cando se sabía que non se podía legalizar.-

A sra. Pardo Fafián corrobora que é preciso ter toda a información e reitera que segue reclamando os informes dos técnicos municipais, sobre as cuestións que lles suscitan dúbidas para tomar unha decisión conxunta e consensuada e que logo haberá tempo para presentar unha proposta común, a través da Xunta de Portavoces.-

O sr. Montouto Pérez resposta que non puxo en dúbida a honorabilidade dos Alcaldes, nin de Abel López Soto, nin de Ernesto Anido, outra cousa é o debate político, pódese discrepar, e incide que a Dilixencia de Arquivo é de 2010, ano en que non había as mesmas condicións que hai actualmente. Engade que se alude ao informe do Secretario do 2010, que é posterior á caducidade da legalización do edificio e cando aínda estaba vixente o dereito de superficie, e cando o planeamento permitía legalizar unha parte do edificio, co uso que tiña o concesionario, ese informe sinalaba a improcedencia legal da súa demolición total, que hai catro informes: do Arquitecto Municipal, do Asesor Xurídico, do redactor do Plan Xeral e do Secretario Accidental, quen ten encomendada a custodia do expediente. Láíase de que se estea a cuestionar a independencia e o criterio dos técnicos municipais. Sorpréndese de que un Plan Xeral que entrou en vigor en xaneiro, que xa no ano 2013 dentro da Anova xa dixeran que non se legaliza coa aprobación inicial do Plan Xeral, que se trouxo a Pleno e foi aprobado no Pleno, esquecéndose doutras modificacións que, se cadra, son máis importantes para dotar a Sada de máis servizos. Recoñece que o Plan Xeral pode conter erros, pero cuestiónase se é preciso traer a Pleno a normativa do sistema xeral de espazos libres, cando ten que ser unha zona verde libre de construcións, cando en Sada non sobran espazos verdes, debendo potenciarse e buscarse ubicacións necesarias para os equipamentos. Continúa que se trata dun edificio que carece de título habilitante, que carece de licenza, que é 100% municipal, pero que nin o Plan Xeral legaliza nin tampouco ampara e que é preciso executar unha sentenza.-

O sr. Anido Varela replícalle ao sr. Alcalde que se trata do cumprimento dunha sentenza, para a restitución da legalidade, facendo o derrubo ata cumprir a raia da legalidade. Recorda que se trata dun edificio fóra de ordenación, que non é o único en Sada, e coa herdanza do Plan Xeral o edificio do *Náutico* todos os edificios municipais están de cor *rosita*, todos menos o Náutico, que xa era propiedade municipal, polo rescate da concesión, para aproveitar parte des estrutura. Dille ao sr. Alcalde que lle parece penoso, despois de que o sr. Montouto Pérez falase ben dos anteriores alcaldes, que permita que o sr. Gómez López lle acuse de malversación de fondos públicos e se lle responsabilice de 450.000.- euros persoalmente. Engade que se questione a xestión intachable, porque se non fora polo rescate agora habería que soportar unha concesión de máis de 55 anos e indemnizar ao concesionario.-

O sr. Alcalde replícalle que eles xa dixeran, cando fixo o rescate en campaña electoral, a semana antes das eleccións, que había que continuar co proceso xudicial ata o final, e non pagar 37.000.- euros e condoarlle a débeda á concesionaria, pero dille ao sr. Anido que tiña presa, polo que tomou unha decisión unilateral, como Alcalde, cando o Pleno tiña acordado no 2013 o rescate da concesión pola vía xudicial. En canto ás alusións dos diferentes grupos, dille á sra. Pardo que todos os informes que foron solicitados lle foron remitidos os xoves da semana pasada, habendo varios informes técnicos e varios informes xurídicos. Desculpa a responsabilidade do Alcalde e da Concelleira de Urbanismo do ano 2010, e lembra que o Goberno daquela momento actuou correctamente, nunha actuación moi semellante ao do mes pasado, pois había un proxecto de demolición parcial xa feito, declarou a caducidade da licenza, eliminou o título habilitante do edificio e mandou un proxecto de demolición total, polo que se recolleron 200.000.- euros no orzamento de 2011 para a execución subsidiaria da sentenza do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia.-

A sra. Pardo Fafián quere dicir que hai informes, pero que non respostan ás cuestións plantexadas e non dubidan de que se trate de informes dirixidos, en relación aos escritos do 21 e do 25 de setembro de 2018, informes que non aparecían na documentación do Pleno anterior.-

O sr. Montouto Pérez resposta que os informes son os que están no expediente, que son os que son, conclúen o que o que conclúen, polo que entende que o expediente está perfectamente conformado para traer a Pleno e poder pronunciarse sobre el. En canto ao rescate do dereito de superficie, dille ao sr. Anido que a xestión impecable tampouco foi, porque se perdeu bastante tempo, polo empeño de que era un contrato administrativo especial e logo veu o Consello Consultivo que declarou que era un contrato civil. No ano 2015 celebraron, a través dunha nota de prensa, que se tivera recuperado o dereito de superficie, tendo pola vía civil un custe moito menor para o Concello de Sada, para os intereses municipais.-

O sr. Anido Varela respóndelle que impecable sí, e que eles tamén perderon moito tempo no Consello Consultivo e que foi el quen meteu no xulgado á concesionaria, chegando a un bo acordo xudicial. Considera que esa estrutura que hai é aproveitable para moitas cousas. Engade que se trata de informes dirixidos, non no seu contido, senón para avalar o derribo total, porque o derribo total non é ilegal, pero considera que o derribo parcial tamén é posible e legal. Quere criticar o que consideran que é un disparate.-

O sr. Alcalde aclara que, en ningún momento, criticou a inclusión no ano 2012 nos orzamentos dunha partida para o derribo do edificio. Sí critica que tendo un informe do 3 de febreiro de 2014 no que se lle indicaba que tiña que proceder a unha execución subsidiaria para unha demolición total do edificio, repercutíndolle os custes á concesionaria, chegase a un acordo coa concesionaria, evitándolle asumir eses custes, polo que entenden que o acordo foi nefasto para as arcas municipais e non quere entrar se houbo ou non delito.-

Debatido o asunto, procédese a votación da moción, sendo rexeitada por sete votos a favor (7 PP) e nove votos en contra (4 SM, 2 BNG, 2 PDSP e 1 PSOE).-

#### **4.3º.- Moción en apoio á proposta da Comisión pola Recuperación da Memoria Histórica da Coruña para impulsar a 5ª Marcha a Meirás o vindeiro 10 de novembro.-**

O sr. Suárez Becerra xustifica a urxencia da moción.-

Efectuada a votación, resulta rexeitada a declaración de urxencia da moción por sete votos a favor (4 SM, 2 BNG e 1 PSOE) e nove votos en contra (7 PP e 2 PDSP).-

#### **5º.- Rogos e preguntas.-**

O sr. Gómez López roga ter acceso ás alegacións ao Plan Xeral no solo industrial de Soñeiro.-

O sr. Anido Varela roga que o sr. Gómez López apague o micrófono.-

A sra. García Freire pregunta, non respecto ao cemiterio, que por fin se está arranxando, senón que dado que non hai praia en Sada por anos, porque é importante ter unha boa praia, e sendo a máis cercana, á que se pode acceder a pé, que é a praia de Morazón, da que tamén é usuario o sr. Alcalde, sendo preciso realizar unha limpeza dos terreos que rodean a dita praia, polo que quere saber se iniciaron algunha actuación desde que se lles indicou, polo que o convirte nun rogo para que inicien algunha indagación en relación coas actuacións na praia de Morazón.-

O sr. Alcalde respóndelle que están pendentes de que saia unha nova licitación dun proxecto ambientalmente sostible, e que se poida realizar, porque en dúas ocasións a Ministra García Tejerina non se atreveu a adxudicar a dita obra, e non esperou nin unha semana dende a toma de posesión do sr. Pedro Sánchez para remitirlle unha carta, e cando tomou posesión a Ministra de Medio Ambiente e Transición Enerxética tamén se lle mandou unha misiva para pedirlle cita para abordar o tema da praia de Sada. En canto á praia de Morazón, di que se se retiran os eucaliptos existe un maior risco de desprendementos, se ben é verdade que xa foron retirados no ano 2010, que agora volveron a medrar, pero que se pode mirar para que algún o retire Demarcación de Costas.-

A sra. García Freire replicalle que espera que o proxecto non dure tanto tempo como o que o final se puido presupostar e licitar. Pregúntalle tamén en relación co Día da Bicicleta, no que levan anos sen celebrarse, un día de moito a disfrute con fillos, amigos, veciños, etc.-

(Sendo as 22:30 horas solicitan autorización ao sr. Alcalde para irse antes do remate da sesión os sres. Gómez López e Rodríguez Ares).-

A sra. García Freire continúa preguntando cal é o motivo polo que non se está a celebrar actualmente o Día da Bicicleta, cando agora hai un equipo ciclista en Sada que podía colaborar na organización desa celebración, e que tanto gusta en Sada.-

A sra. García Ben indícalle que le respostará por escrito.-

O sr. Tellado Villares presenta un rogo en relación a unha pregunta formulada en setembro sobre o gasto esixido aos propietarios das vivendas incluídas no ámbito das obras de urbanización das rúas Cambre, Culleredo e Abegondo, agradecendo a resposta e o cambio de criterio para que, en vez de esixir aos propietarios executar obras a súa costa, que, de non facerse, poderían quedar sen servizo, agora se garantiza a súa conexión aos servizos municipais.-

O sr. Alcalde respóndelle que non hai nada que agradecer, porque houbo unha confusión, porque se teñen que garantir eses servizos mínimos, non os poden suprimir.-

O sr. García Cotelo presenta un rogo, en relación coas obras de substitución das redes de abastecemento de auga, saneamento e pluviais das rúas Cambre, Culleredo e Abegondo, pola falta de seguridade nesas obras e inclusive houbo un accidente nas mesmas. Analizada a situación polo seu grupo constatou que o presuposto de seguridade e saúde supón un 0,42% do orzamento total das obras, cando o



normal é que sexa de entre un 2 e un 3%. No proxecto non aparecen as pasarelas con barandillas a ambos lados que se están empregando. Por outra banda o contratista está ocupando, sen a autorización sectorial, correspondente terreos afectados pola servidume de augas e calificados como rústicos de especial protección natural das Brañas de Sada, incumprindo o punto 8 das condicións particulares da autorización outorgada de Augas de Galicia, polo que lle roga que tome as medidas adecuadas, para garantir a seguridade das persoas, a protección do medio ambiente e da legalidade.-

O sr. López Mallo fai tres rogos en relación cunha visita realizada esta mesma semana ao barrio de Posse:

1º) Roga, na medida do posible, a limpeza no acceso ao parque da zona, e do propio parque, e do acceso do camiño pola parte de atrás.-

2º) Roga a colocación dun punto de luz na zona colindante co transformador.-

3º) Roga que execute de maneira subsidiaria un muro que se atopa a medio construír, para evitar o risco por un desnivel de 25 metros de , execute de maneira subsidiaria.-

O sr. Anido Varela rógalle ao sr. Alcalde que non sexa tan atrevido, porque non reconece que a sra. Tejerina conseguiu un proxecto de 3 millóns de euros para a rexeneración da praia que saíu publicado no Boletín Oficial do Estado, pero sen embargo o sr. Alcalde non foi tan atrevido para seguir esixindo este proxecto, e pola súa culpa non haberá outro proxecto para a rexeneración da praia antes de 10 anos.-

Non habendo outros asuntos que tratar, sendo as vinte e dúas horas e trinta e cinco minutos do día ao comezo indicado, o sr. Alcalde levanta a sesión, da que se estende esta acta. Do que eu, o Secretario Accidental, dou fe.-

A través da sede electrónica do Concello pódese acceder ao arquivo autenticado coa sinatura dixital desta Secretaría, que contén a gravación de imaxe e son desta sesión coas distintas intervencións dos participantes:

Url: [https://sede.sada.gal/gl/portal\\_transparencia/Relevancia\\_Juridica/Normativa/Normativa.html](https://sede.sada.gal/gl/portal_transparencia/Relevancia_Juridica/Normativa/Normativa.html)